

Feijoo dixo en campaña electoral, no ano 2009, que ía acabar co paro en 45 días. Non só non o fixo, senón que o paro medrou por riba das outras Comunidades Autónomas do Estado Español. Así, se en maio de 2009 había máis de 207.000 persoas aradas rexistradas en Galicia, hoxe a cifra ronda os 280.000.

Do mesmo xeito, onte Rajoy no congreso dicía con todo o sentimento do que é capaz (e despois do "que les jodan" da señorita Fabra non hai sentimento que non pareza finxido), que a súa principal preocupación é o desemprego. Xa se ve que así é, que as medidas que está tomando van no camiño de melloralo... é dicir, de aumentalo moito.

No Real Decreto-Lei de RECORTES publicado o pasado sábado, unha das medidas que se adoptan é a diminución para empregados e empregadas públicas de días de libre disposición ata 3 días. Isto súmase ao recorte anterior, no que xa se reduciran ata 6 días. É dicir, ata este ano, calquera persoa que traballara na administración pública tiña dereito a dispoñer de 9 días de libre disposición, é dicir, 9 libranzas que, no caso das xornadas especiais, nin sequera moitas veces eran de libre disposición, senón que eran as xerencias as que "indicaban" cando había que coller eses días. A partir do ano que ven eses días de libre disposición quedan reducidos a 3. Son 6 días menos que o persoal de cadro vai librar, mais son tamén moitas menos horas a substituír, e, polo tanto, menos contratación.

A conta é ben sinxela de botar:

\* Para o ano 2012, os orzamentos de Galiza contemplaban no capítulo I orzamento para 34.723 persoas empregadas no cadro de persoal do SERGAS, entre fixas e interinas.

\* Se pasamos os 6 días de libre disposición que se perden a horas, saen 42 horas de media que o persoal vai ter que facer a maiores da súa xornada.

\* Tendo en conta que non se ven substituíndo a todo o persoal, senón aproximadamente a un 57%, serían 20.000 persoas que deixarían de ser substituídas.

\* É dicir, 20.000 persoas por 42 hs de xornada que van facer a maiores, e, polo tanto, que non van ser substituídas, fan un total de 840.000 horas de xornada que van deixar de facer persoas contratadas das listas de vinculacións temporais.

\* Tendo en conta a xornada máxima establecida no SERGAS, 1624 hs anuais, son un total de 517 postos de traballo que se perden, posto que non se van contratar polas listas de contratación. Se tiveramos en conta a xornada de quenda rotatoria (1449 hs no caso da quenda fixa nocturna) aínda sairían máis postos de traballo perdidos por esta medida que o señor Rajoy impón coa pasividade e o beneplácito de Feijoo e a Conselleira.

E isto sen ter en conta os días adicionais de vacacións e libre disposición por antigüidade, que tamén son eliminados no Decretazo de Rajoy, e que suporían case o dobre de postos de traballo perdidos.

**Feijoo ía acabar co paro en 45 días??? Rajoy está moi preocupado polo desemprego??? 517 postos de traballo menos no SERGAS, isto non é aumentar o desemprego??? Son estas as medidas que van acabar co paro???**

Se estás lendo isto, e figuras nas listas de contratación do SERGAS tén moi en conta que estes recortes non van só co persoal fixo, a tí aféctanche tanto ou máis. **Mobilízate!!!**

### **Mobilizacións de hoxe:**

\* Concentracións diante dos centros de traballo de toda Galiza (entre as 11 e as 12 hs).

\* Concentracións e Manifestacións con cazolada en todas as cidades e nalgunhas vilas cabeceira de comarca, a partir das 20 hs:

**A Coruña:** Ás 20:00 h da Praza da Palloza. Manifestación central.

**Burela:** Ás 20:00 h da Praza da Mariña

**Ferrol:** Ás 20:30 h do Inferniño

**Lugo:** Ás 20:00 h da Ronda da Muralla, do edificio sindical

**Pontevedra:** Ás 20:30 h da Praza da ferrería

**Santiago:** Ás 20:00 h da Alameda

**Ourense:** Ás 20:00 h do Pavillón dos Remedios

**Vigo:** Ás 20:30 h da Vía Norte

**Vilagarcía:** Ás 21:00 h da Casa do Mar

**O Barco:** Ás 20:00 hs diante do Hospital Comarcal

**Participa! Só mobilizándonos poderemos parar esta barbarie!**